

ACTA DA REUNIÓN CELEBRADA POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DA CONVOCATORIA DE CARÁCTER EXCEPCIONAL DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN PARA A REDUCIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DA SOCIEDADE MUNICIPAL INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (INCOLSA) CELEBRADA O VENRES, 23 DE FEBREIRO DE 2024.

Na Sala de reunións de INCOLSA-Turismo de Santiago, sendo as 10 horas e 50 minutos do día 23 de febreiro do ano dous mil vinte e catro, réunese o Tribunal Cualificador designado para a convocatoria de carácter excepcional do proceso de estabilización para a redución do emprego temporal da sociedade municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA), coa asistencia dos señores e señoras membros :

Presidenta: D^a Flavia M^a Ramil Millarengo

Vogal: D. Fernando Mujico Caneda

Secretaria: D^a Áurea M^a Prieto Pérez

Observadora Tribunal: D^a Anu Helena Pitkänen (Representante Sindical)

PUNTO 1.- VALORACIÓN DOS MÉRITOS ACREDITADOS POLAS PERSOAS ASPIRANTES, DE ACORDO CO BAREMO QUE SE RECOLLE NAS BASES ESPECÍFICAS PARA CADA UNHA DAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS CONVOCADAS NO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN PARA A REDUCIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DA SOCIEDADE (BOP 29/12/2022)

Dáse comezo á reunión dando lectura ao establecido nas bases xerais e específicas do procedemento en relación á fase de valoración de méritos.

A continuación, o Tribunal determina a forma en que se procederá para o cálculo das puntuacións relativas á experiencia profesional:

- Sumarase a totalidade de días cotizados en postos de traballo obxecto de valoración para cada un dos apartados de experiencia a valorar detallados nas bases específicas.
- Dividirase a cantidade anterior entre 30 días para determinar o número de meses de servizo, redondeando a cifra así obtida a 2 decimais para determinar a fracción a valorar.
- Multiplicarase a cantidade anterior pola puntuación establecida nas bases para cada un dos apartados a valorar, redondeando a cifra obtida a 2 decimais.

De seguido dáse comezo á valoración dos méritos acreditados e referidos ao día de finalización do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria, de acordo co baremo recollido nas bases para cada unha das categorías.

Ás 16 horas e 15 minutos do día 23 de febreiro do ano dous mil vinte e catro, a Presidenta dá por finalizada a reunión sen terse rematado o proceso de baremación de méritos e convoca aos membros do Tribunal para reunirse novamente na sala de reunións de INCOLSA, ás 9 horas do luns, 26 de febreiro de dous mil vinte e catro, do que, como Secretaria, dou fe.

